

EXPEDIENTE: 5705/2022

Tipo procedemento: Selección de Persoal.

Resolución corrección de erros relación final de admitidos OFICIAL SME

Por decreto de 11/01/2023 resolveuse declarar a relación definitiva de admitidos e excluídos dos candidatos presentados no proceso selectivo para a creación dunha bolsa de traballo que sirva para a cobertura, mediante a contratación laboral temporal de oficial do servizo de emerxencias municipal (anuncio e bases da convocatoria publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 238 de data 19 de decembro de 2022, no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial e na páxina web do Concello de Boiro www.boiro.gal).

Con posterioridade á sinatura desta Resolución, advírtese polo departamento de persoal o erro en relación á data de presentación da alegación presentada polo candidato Marco Antonio Otero González, xa que foi presentada o 29/12/2022 e non o 05/01/2023, polo que se atopa dentro de prazo do período de alegacións.

Segundo o artigo art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, estas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Logo de revisada esta alegación e comprobados os requisitos esixidos na base 4ª das que rexen esta convocatoria, procede aprobar a modificación da relación de persoas admitidas e excluídas.

En base ó anteriormente exposto, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aceptar a alegación presentada por Marco Antonio Otero González.

Segundo.- Modificar a listaxe de candidatos presentados no proceso de selección para a creación dunha bolsa de traballo que sirva para a cobertura, mediante a contratación laboral temporal de oficial do servizo de emerxencias municipal que consta no decreto nº 2023-0021 de data de 11/01/2023 e, en consecuencia, incluír ao seguinte candidato:

Nome	CELGA
MARCO ANTONIO OTERO GONZALEZ	Non Exento

Terceiro.- Facer pública, mediante a súa inserción no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do concello www.boiro.gal, esta rectificación da lista definitiva de persoas admitidas e excluídas e convocar a tódolos aspirantes admitidos para o vindeiro martes 17/01/2023 ás 9:00 horas no Campo da Alta na Pobra do Caramiñal para a realización das probas físicas.

A continuación se realizará a proba de coñecementos no Salón de Plenos do Concello de Boiro.

A proba de coñecementos da lingua galega realizarase inmediatamente despois do remate da proba de coñecementos para todos os candidatos que non acreditasen estar en posesión do Celga 3 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo). Os aspirantes acudirán provistos do seu Documento Nacional de Identidade.

Cuarto.- Notificar a presente resolución aos membros do Tribunal de Selección e dar conta ó Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Boiro, á data que figura na marxe esquerda.

O alcalde

O secretario

